Memoria-informe proposta de modificación da relación de postos de traballo de Administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia

Obxecto da presente memoria funcional-informe proposta

O obxecto da presente memoria-informe é unha modificación de RPT consistente en incardinar postos existentes conforme ás escalas e especialidades dos corpos de persoal funcionario de Administración especial da Administracion xeral da Comunidade Autónoma de Galicia (Disposicións adicionais oitava e novena da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia), coa finalidade de:

- Consolidar tanto a debida especialización das funcións inherentes aos postos como a idoneidade das persoas que accedan a eles, mediante os correspondentes procedementos de selección, e/ou de mobilidade; mantendo a clasificación restante.
- Dar cumprimento ás obrigas derivadas da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

As consellerías afectadas son as seguintes:

- Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes (6 postos)
- Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (24 postos)
- Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude (1 posto)
- Consellería do Mar (6 postos)

A presente proposta de modificación da relación de postos de traballo de Administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, ao ser impulsada dende esta Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal, non conta coa negociación previa entre as consellerías e as organizacións sindicais. **Non obstante esta negociación levarase a cabo, en todo caso, na mesa de negociación correspondente e con carácter previo á comisión de persoal**.

- **Primeiro. Modificacións**

Unha vez realizado coas consellerías o estudo detallado correspondente, **cómpre levar a cabo as seguintes modificacións nas relacións de postos de traballo**:

- Incardinación de **37 postos** de traballo do corpo facultativo grao medio (subgrupo A2), escala de técnicos facultativos, especialidade Educadores (EMS2) en **37 postos**

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: HaZVOvMCSzz7 Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

da especialidade de **Educador Social (EMS7)**; recollida na disposición adicional novena da Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia; escalas e especialidades dos corpos de Administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES				
CENTRO DE DESTINO	**CÓDIGO**	**POSTO**	**SUBGRUPO**	**CORPO ESCALA**
SERVIZOS PERIFÉRICOS EQUIPO TÉCNICO DE XURISDICIÓN PROVINCIAL DE MENORES DA PROVINCIA DA CORUÑA. SECCIÓN DE MENORES DA FISCALÍA E XULGADO DE MENORES	PRC991000515001010	EDUCADOR/A EDUCADOR/A SOCIAL	A2	EMS2 EMS7
SERVIZOS PERIFÉRICOS EQUIPO TÉCNICO DE XURISDICIÓN PROVINCIAL DE MENORES DA PROVINCIA DA CORUÑA. SECCIÓN DE MENORES DA FISCALÍA E XULGADO DE MENORES	PRC991000515001011	EDUCADOR/A EDUCADOR/A SOCIAL	A2	EMS2 EMS7
SERVIZOS PERIFÉRICOS EQUIPO TÉCNICO DE XURISDICIÓN PROVINCIAL DE MENORES DA PROVINCIA DE LUGO. SECCIÓN DE MENORES DA FISCALÍA E XULGADO DE MENORES	PRC991000527001002	EDUCADOR/A EDUCADOR/A SOCIAL	A2	EMS2 EMS7
SERVIZOS PERIFÉRICOS EQUIPO TÉCNICO DE XURISDICIÓN PROVINCIAL DE MENORES DA PROVINCIA DE OURENSE. SECCIÓN DE MENORES DA FISCALÍA E XULGADO DE MENORES	PRC991000532001002	EDUCADOR/A EDUCADOR/A SOCIAL	A2	EMS2 EMS7
SERVIZOS PERIFÉRICOS EQUIPO TÉCNICO DE XURISDICIÓN PROVINCIAL DE MENORES DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA. SECCIÓN DE MENORES DA FISCALÍA E XULGADO DE MENORES	PRC991000536001010	EDUCADOR/A EDUCADOR/A SOCIAL	A2	EMS2 EMS7
SERVIZOS PERIFÉRICOS EQUIPO TÉCNICO DE XURISDICIÓN PROVINCIAL DE MENORES DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA. SECCIÓN DE MENORES DA FISCALÍA E XULGADO DE MENORES	PRC991000536001011	EDUCADOR/A EDUCADOR/A SOCIAL	A2	EMS2 EMS7

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL				
CENTRO DE DESTINO	**CÓDIGO**	**POSTO**	**SUBGRUPO**	**CORPO ESCALA**
SERVIZOS PERIFÉRICOS CEE "TERRA DE FERROL" (FERROL)	EDC994090115350026	EDUCADOR/A EDUCADOR/A SOCIAL	A2	EMS2 EMS7
SERVIZOS PERIFÉRICOS CEE "TERRA DE FERROL" (FERROL)	EDC994090115350028	EDUCADOR/A EDUCADOR/A SOCIAL	A2	EMS2 EMS7
SERVIZOS PERIFÉRICOS CEE "TERRA DE FERROL" (FERROL)	EDC994090115350029 (*)	EDUCADOR/A EDUCADOR/A SOCIAL	A2	EMS2 EMS7
SERVIZOS PERIFÉRICOS CEE "TERRA DE FERROL" (FERROL)	EDC994090115350031	EDUCADOR/A EDUCADOR/A SOCIAL	A2	EMS2 EMS7
SERVIZOS PERIFÉRICOS CEE "A BARCIA" (SANTIAGO DE COMPOSTELA)	EDC994090115770009	EDUCADOR/A EDUCADOR/A SOCIAL	A2	EMS2 EMS7
SERVIZOS PERIFÉRICOS CEE "A BARCIA" (SANTIAGO DE COMPOSTELA)	EDC994090115770010	EDUCADOR/A EDUCADOR/A SOCIAL	A2	EMS2 EMS7

Edificios administrativos - San Caetano s/n
15781 Santiago de Compostela
direccion.xeral.emprego.publico@xunta.gal
xunta.gal/funcion-publica

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: HaZVOvMCSzz7 **Verificación:** https://sede.xunta.gal/cve

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL				
CENTRO DE DESTINO	CÓDIGO	POSTO	SUBGRUPO	CORPO ESCALA
SERVIZOS PERIFÉRICOS CEE "A BARCIA" (SANTIAGO DE COMPOSTELA)	EDC994090115770070 (*)	EDUCADOR/A EDUCADOR/A SOCIAL	A2	EMS2 EMS7
SERVIZOS PERIFÉRICOS CEE "SANTA MARÍA" (LUGO)	EDC994090127001026	EDUCADOR/A EDUCADOR/A SOCIAL	A2	EMS2 EMS7
SERVIZOS PERIFÉRICOS CEE "SANTA MARÍA" (LUGO)	EDC994090127001027	EDUCADOR/A EDUCADOR/A SOCIAL	A2	EMS2 EMS7
SERVIZOS PERIFÉRICOS CEE "SANTA MARÍA" (LUGO)	EDC994090127001028	EDUCADOR/A EDUCADOR/A SOCIAL	A2	EMS2 EMS7
SERVIZOS PERIFÉRICOS CEE "INFANTA ELENA" (MONFORTE DE LEMOS)	EDC994090127300003	EDUCADOR/A EDUCADOR/A SOCIAL	A2	EMS2 EMS7
SERVIZOS PERIFÉRICOS CEE "INFANTA ELENA" (MONFORTE DE LEMOS)	EDC994090127300019	EDUCADOR/A EDUCADOR/A SOCIAL	A2	EMS2 EMS7
SERVIZOS PERIFÉRICOS CEE "INFANTA ELENA" (MONFORTE DE LEMOS)	EDC994090127300020	EDUCADOR/A EDUCADOR/A SOCIAL	A2	EMS2 EMS7
SERVIZOS PERIFÉRICOS CEE "MIÑO" (OURENSE)	EDC994090132001006	EDUCADOR/A EDUCADOR/A SOCIAL	A2	EMS2 EMS7
SERVIZOS PERIFÉRICOS CEE "MIÑO" (OURENSE)	EDC994090132001007	EDUCADOR/A EDUCADOR/A SOCIAL	A2	EMS2 EMS7
SERVIZOS PERIFÉRICOS CEE DE PANXÓN (NIGRÁN)	EDC994090136350016	EDUCADOR/A EDUCADOR/A SOCIAL	A2	EMS2 EMS7
SERVIZOS PERIFÉRICOS CEE DE PANXÓN (NIGRÁN)	EDC994090136350017	EDUCADOR/A EDUCADOR/A SOCIAL	A2	EMS2 EMS7
SERVIZOS PERIFÉRICOS CEE DE PANXÓN (NIGRÁN)	EDC994090136350018	EDUCADOR/A EDUCADOR/A SOCIAL	A2	EMS2 EMS7
SERVIZOS PERIFÉRICOS CEE DE PANXÓN (NIGRÁN)	EDC994090136350019 (*)	EDUCADOR/A EDUCADOR/A SOCIAL	A2	EMS2 EMS7
SERVIZOS PERIFÉRICOS CEE DE PANXÓN (NIGRÁN)	EDC994090136350020 (*)	EDUCADOR/A EDUCADOR/A SOCIAL	A2	EMS2 EMS7
SERVIZOS PERIFÉRICOS CEE DE PANXÓN (NIGRÁN)	EDC994090136350021	EDUCADOR/A EDUCADOR/A SOCIAL	A2	EMS2 EMS7
SERVIZOS PERIFÉRICOS CEE "MANUEL LÓPEZ NAVALÓN" (SANTIAGO DE COMPOSTELA)	EDC994090215770015	EDUCADOR/A EDUCADOR/A SOCIAL	A2	EMS2 EMS7
SERVIZOS PERIFÉRICOS CEE "O PEDROSO" (SANTIAGO DE COMPOSTELA)	EDC994090315770016	EDUCADOR/A EDUCADOR/A SOCIAL	A2	EMS2 EMS7
SERVIZOS PERIFÉRICOS CEE "O PEDROSO" (SANTIAGO DE COMPOSTELA)	EDC994090315770017	EDUCADOR/A EDUCADOR/A SOCIAL	A2	EMS2 EMS7

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE				
CENTRO DE DESTINO	CÓDIGO	POSTO	SUBGRUPO	CORPO ESCALA
SERVIZOS PERIFÉRICOS CASA DA XUVENTUDE DE OURENSE	PSC994020132001014 (*)	EDUCADOR/A COORDINADOR/A EDUCADOR/A SOCIAL COORDINADOR/A	A2	EMS2 EMS7

Edificios administrativos - San Caetano s/n
15781 Santiago de Compostela
direccion.xeral.emprego.publico@xunta.gal
xunta.gal/funcion-publica

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: HaZVOvMCSzz7 Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

CONSELLERÍA DO MAR				
CENTRO DE DESTINO	**CÓDIGO**	**POSTO**	**SUBGRUPO**	**CORPO ESCALA**
SERVIZOS PERIFÉRICOS ESCOLA OFICIAL NÁUTICO-PESQUEIRA DE FERROL	PEC994030115350050	**EDUCADOR/A** **EDUCADOR/A SOCIAL**	A2	**EMS2** **EMS7**
SERVIZOS PERIFÉRICOS ESCOLA OFICIAL NÁUTICO-PESQUEIRA DE FERROL	PEC994030115350051 **(*)**	**EDUCADOR/A** **EDUCADOR/A SOCIAL**	A2	**EMS2** **EMS7**
SERVIZOS PERIFÉRICOS ESCOLA OFICIAL NÁUTICO-PESQUEIRA DE FERROL	PEC994030115350052	**EDUCADOR/A** **EDUCADOR/A SOCIAL**	A2	**EMS2** **EMS7**
SERVIZOS PERIFÉRICOS INSTITUTO POLITÉCNICO MARÍTIMO-PESQUEIRO DO ATLÁNTICO DE VIGO	PEC994030136560070	**EDUCADOR/A** **EDUCADOR/A SOCIAL**	A2	**EMS2** **EMS7**
SERVIZOS PERIFÉRICOS INSTITUTO POLITÉCNICO MARÍTIMO-PESQUEIRO DO ATLÁNTICO DE VIGO	PEC994030136560071	**EDUCADOR/A** **EDUCADOR/A SOCIAL**	A2	**EMS2** **EMS7**
SERVIZOS PERIFÉRICOS INSTITUTO POLITÉCNICO MARÍTIMO-PESQUEIRO DO ATLÁNTICO DE VIGO	PEC994030136560072	**EDUCADOR/A** **EDUCADOR/A SOCIAL**	A2	**EMS2** **EMS7**

(*) Postos afectados polo proceso de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

CÓDIGOS
EMS2 ESPECIAL (ESC. TÉCNICOS FACULTATIVOS - ESP. EDUCADORES)
EMS7 ESPECIAL (ESC. TÉCNICOS FACULTATIVOS - ESP. EDUCADOR SOCIAL)

Segundo. Especial consideración ao persoal laboral fixo funcionarizado

A disposición transitoria primeira da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, regula que o persoal laboral fixo das administracións públicas incluídas no ámbito da súa aplicación que, no momento da entrada en vigor da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, estea a realizar funcións ou desempeñe postos de traballo de persoal funcionario, ou pase a realizar as devanditas funcións ou a desempeñar os devanditos postos en virtude de probas de selección ou promoción interna convocadas antes da data sinalada, poderá seguir a realizalas ou desempeñalas.

Para dar cumprimento ao establecido na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia e na disposición transitoria segunda do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, **a Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal**, logo de incorporar as prazas obxecto de funcionarización nos decretos polos que se aproban as ofertas de emprego público correspondentes ás prazas de persoal funcionario e laboral da Administración Especial e Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, **modificou as relacións de postos de traballo de Administación especial e da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia** determinando

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: HaZVOvMCSzz7 **Verificación:** https://sede.xunta.gal/cve

previamente aqueles postos de persoal laboral da Xunta de Galicia afectados polo proceso de funcionarización. Estas modificacións foron aprobadas polos Consellos da Xunta.

O Decreto 165/2019, do 26 de decembro, establece o procedemento para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira polo persoal laboral fixo do V Convenio colectivo único do persoal laboral da Xunta de Galicia.

Dito o anterior cómpre indicar que no caso daquelas persoas afectadas por estes procesos e que segundo o Decreto 165/2019 a súa categoría profesional de persoal laboral de orixe tiña unha equivalencia de persoal funcionario nun corpo e escala **sen incardinar nunha especialidade concreta, nos procedementos de mobilidade terase en conta o debido cumprimento dos requisitos de titulacións recollidos na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia correspondente a estas especialidades.**

Terceiro. Consideracións económicas

O obxecto da presente modificación da relación de postos de traballo é a **incardinación de postos de persoal funcionario existentes** conforme ás escalas e especialidades dos corpos de persoal funcionario de Administración especial da Administracion xeral da Comunidade Autónoma de Galicia (Disposicións adicionais oitava e novena da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia) polo que **non implica custo económico.**

CONCLUSIÓN

En consecuencia, de conformidade co exposto e consideradas as razóns organizativas e funcionais indicadas anteriormente, esta dirección xeral **INFORMA FAVORABLEMENTE** a modificación da relación de postos de Administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

Damos traslado do expediente á Dirección Xeral de Orzamentos e Financiamento Autonómico e á Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio para a emisión do preceptivo informe.

Incorporamos o anexo de RPT onde figura a clasificación completa e detallada dos postos.

A directora xeral de Emprego Público e Administración de Persoal

Asinado por: AGUILAR VAZQUEZ, NURIA
Cargo: Directora Xeral de Emprego Publico e Administracion de Persoal
Data e hora: 16/06/2025 10:49:44

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste codigo.
CVE: HaZVOvMCSzz7 **Verificación:** https://sede.xunta.gal/cve